

III.- MESAS REDONDAS

FORMACIÓN BÁSICA DAS PERSOAS ADULTAS: CURRÍCULUM E ORGANIZACIÓN

José Ramón Jubera Pellejero

Dirección General de Ordenación Educativa y Formación Profesional
Consejería de Educación y Ciencias. Junta de Andalucía

O Deseño Curricular Base para a Educación das Persoas Adultas é o resultado do axeitamento do Deseño curricular que a Consellería de Educación e Ciencia da Junta de Andalucía aprobou e publicou no BOJA de 7 de Decembro do 1985 e que constituíu o marco de referencia para a práctica educativa dos Centros de educación das persoas adultas, dos que os seus principios, finalidades educativas, estrutura, metodoloxía e organización concretáronse na Lei para a Educación de Adultos de Andalucía (lei 3/90), aprobada polo Parlamento Andaluz, e mais nos Decretos para o seu desenvolvemento.

Varios son os argumentos que xustifican e propician a necesidade de acometer un deseño curricular, específico e axeitado, para a educación das persoas adultas. Poderíanse salientar, entre outros:

1.- Razóns de tipo xurídico normativo, xa que, nas disposicións legais de desenvolvemento da LOXSE, tanto por parte do Ministerio de Educación y Ciencia, como pola "Consejería de Educación y Ciencia de la Junta de Andalucía", se posibilita. Así: nos Reais Decretos 1.344/91 e 1.345/95, de 6 de setembro, na súa adicional segunda, dise: "De acordo coas esixencias de organización e metodoloxía da educación de adultos, tanto na modalidade profesional coma na educación a distancia, o Ministerio de Educación e Ciencia poderá adopta-lo currículo ó que se refire o presente Real Decreto consonte ás características, condicións e necesidades da poboación adulta".

Na nosa Comunidade Autónoma, o Artigo 19 do Estatuto de Autonomía permite organizar e concreta-lo desenvolvemento curricular coas realidades, tradicións, problemas e necesidades do pobo andaluz, e, sobre todo, a existencia dunha Lei que regula a educación de adultos. Esta Lei, que cadra co título III da LOXSE no que toca a obxectivos, intencións educativas e sectores formativos, outorga á educación das persoas adultas unha especificidade e características propias que se deben concretar nun DCBEA, no que se mostren os elementos propios.

2.- Razóns de tipo histórico/social que levan canda elas a necesidade de volver defini-la concepcións de educacións de adultos no marco da educación permanente, que dea resposta, non soamente á aprendizaxe, senón a unha participación creativa nas transformacións e mudanzas de carácter político, económico-social e cultural que se producen na sociedade actual.

3.- Razóns de carácter didáctico e psicopedagóxico, xa que a articulación, interpretación e integración das catro fontes que manteñen o currículo (sociocultural, epistemolóxica, pedagóxica e psicolóxica) contempladas no Decreto 1007/91, do 14 de xuño, realizase de maneira diferente que nos restantes DCBS do Sistema Educativo.

Existe unha tendencia xeralizada a sinalar que as dimensións socioculturais, cos aspectos económicos, políticos, antropolóxico-culturais, etc., son importantes para ter en conta na Planificación do proceso de ensinanza-aprendizaxe neste eido formativo. Son estes aspectos, de carácter real/vivencial e non do proxecto de futuro -propio dos nenos e nenas, e adolescentes- os que constitúen o punto de partida e maila significación, funcionalidade e relevancia social do proxecto educativo.

4.- Por último, existe unha razón de tipo cultural en senso amplo, unida á creatividade, como base da transformación social, e que dá lugar ó que P. Freire denominou "didáctica da transformación social máis ca da reprodución".

Enténdese o Currículum de Educación das persoas adultas en Andalucía como un deseño ou proposta fundamentada e lexitimada para a acción social-educativa da nosa Comunidade Autónoma. Esta proposta identifícase cun modelo que une o pensamento coa práctica e maila acción.

Configúrase como un instrumento de acción, vivo, destinado a identificar e enfrenta-los problemas sociais e educativos que se dan na nosa Comunidade. Para isto, a proposta básica de grupos de traballo (aprendizaxe, profesores, etc.) que reflexionan conxuntamente (autorreflexión contratada), investigan e procuran/constrúen os medios e instrumentos precisos para mellorar e transforma-la súa propia vida e maila contorna na que viven. É dicir, un modelo de "tendencia creativa (participador-investigador)", que é o que escolleu a Consejería de Educación y Ciencia para este ámbito formativo.

O Deseño Curricular Base de Educación das Persoas Adultas de Andalucía enténdese como un proxecto cunhas características propias e uns principios xerais dos que parte a acción educativa dos centros.

A.- Facilitar unha Formación Integral.

O deseño Curricular Base trata de incorporar e satisfacer, tanto os aspectos de formación instrumental coma os ocupacionais, lúdicos, creativos, sociais, etc. A realidade é moi plural, cambiante e diversa e non se pode abranger se non é a través dunha formación que procure atender a estas necesidades globais.

B.- Orientado fundamentalmente a mellora-las condicións de vida das persoas adultas.

Se ben calquera acción poderíase considerar como orientada a acadar esta meta, é un reto que deberá ter resposta na actuación diaria de cada centro, e debe ser contemplado no Proxecto Educativo de Centro.

C.- Presentación inter-institucional.

Unha formación integral como a que se pretende na Educación das Persoas Adultas, supón a cooperación e o esforzo dunha serie de organismos e institucións que enchan, na medida do posible, o amplo espectro de intereses e necesidades das persoas adultas.

D.- Un currículo concibido como unha modalidade con entidade propia.

Cómpre partir da idea de concebi-la Educación de Persoas Adultas con entidade e especificidade propias na liña dunha educación básica e permanente que dea resposta ás necesidades formativas que teñen, cunha planificación e organización axeitada e diferenciada.

O carácter propio desta modalidade educativa procede tanto do diferente punto de partida para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe, como do propio contido curricular que abrangue.

E.- Dar autonomía ós Centro e Grupos de aprendizaxe.

A súa estrutura, fundamentalmente aberta, deixa unha marxe ampla para a actuación dos equipos de profesores e ós grupos das persoas adultas, ós que lles corresponde a responsabilidade do axeitamento a cada realidade concreta, consonte ás características dos grupos de aprendizaxe e a contorna social na que se desenvolve o traballo educativo.

Dotar ós centro, ós equipos docentes e ós grupos de aprendizaxe dunha autonomía real, supón facilita-lo marco preciso para favorece-la innovación, a investigación e maila aplicación de liñas que informan a Educación de Adultos en Andalucía.

Este Deseño Curricular Base debe te-las seguintes características:

* **Específico:** porque da resposta ás diferentes demandas e necesidades sociais de tódolas persoas adultas definidas na nova configuración e definición do concepto "Educación de Adultos".

* **Homologable:** O Deseño Curricular Base de Educación de Persoas Adultas haberá ser homologable ó Deseños Curriculares Base que o Sistema Educativo estableza para as diferentes titulacións.

* **Polivalente:** A planificación da Educación das Persoas Adultas desde diversas perspectivas: modalidade presencial e semipresencial; grupos regrados e non regrados; proxectos de educación formal e non formal; proxectos de base municipal ou de base territorial máis ampla; resposta a planos integradores ou transversais e específicos, do xeito que o formula a Lei para a Educación de Adultos en Andalucía no seu diferente articulado.

* **Aberto e flexible:** Dará resposta, como marco xeral, ás diversas finalidades formativas que teñen as persoas adultas, entendidas como proceso cambiante, propiciando a diversidade de proxectos curriculares de centro segundo as características dos grupos de aprendizaxe e o contorno sociocultural no que se desenvolve o traballo educativo.

* **Prescriptivo e Orientador:** este Deseño Curricular Base é prescriptivo para o desenvolvemento dos "planos para a consecución de titulacións" que contempla a Lei para a Educación de Adultos en Andalucía, no seu artigo 4º, e orientador para os planos, tanto de educación formal con non formal, definidas nesta Lei.

* **Funcional:** O Deseño Curricular Base constitúe un punto de encontro de educador e educandos. Por isto debe contemplar na súa estrutura orientacións de tipo metodolóxico, didáctico e organizativo que contribúan a un mellor desenvolvemento do centro no seu conxunto.

De acordo co principio de Formación Integral, e segundo manifesta o Artigo 51.2 da L.O.X.S.E. e o Artigo 6º da Lei para a Educación de Adultos en Andalucía, o Deseño Curricular xira ó redor de tres grandes alicerces ou núcleos que denominamos Sectores Formativos, que non se deben entender como xustapostos ou compartimentados senón integrados. Isto non quere dicir que se desenvolvan de maneira porcentual nos tres tercios da organización temporal, como se indica no Deseño Curricular do 1985, senón integrados no grupo e coordinados no ámbito de centro, como oferta educativa global e integral na comunidade:

- Sector de Formación Instrumental.
- Sector de Formación para a Realización Persoal.
- Sector de Formación Ocupacional.

A Educación de Persoas Adultas en Andalucía optou por un modelo global e/ou interdisciplinar para os niveis de execución (3º nivel de concreción do currículo, que no Sistema Educativo se chama Programación na aula e que na Educación de Persoas Adultas concrétese na execución e desenvolvemento do Núcleo Temático -eixe da Investigación Participativa-) e é na súa planificación (2º nivel de concreción do desenvolvemento curricular), onde participan as diversas especialidades ou áreas, proveñan da epistemoloxía propia do sistema educativo ou dos sectores formativos específicos da Educación de Persoas Adultas.

O que confirma unha das claves do Deseño Curricular Experimental de Andalucía, que centra as actividades curriculares na experiencia e na resolución de problemas (Núcleos Temáticos e Centros de Interese), como o punto de partida de planificación da fonte epistemolóxica e no desenvolvemento técnico do proceso de ensinanza-aprendizaxe, lecturas connotativas e denotativa, como base da lectura estrutural, ó predomina-las actividades de relación e de intuición máis que do adestramento e repetición na coherencia coa psicoloxía de aprendizaxe da persoa adulta.

CURRÍCULUM E EDUCACIÓN DE ADULTOS EN CANARIAS

Jesús Moya

Consejería de Educación. Canarias

O termo currículum emprégase na actualidade como o sentido xenérico do conxunto de experiencias educativas que un sistema educativo pode ofrecer ós seus usuarios. Neste contexto significativo resérvase o termo Deseño Curricular para defini-lo documento no que se establecen as intencións educativas do sistema, así como o conxunto de elementos que farán a súa consecución. Entre outros elementos aparece unha selección e organización da herdanza cultural dispoñible.

No marco legal definido pola LOXSE considérase como currículum:

... o conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo que regula a práctica docente. (LOXSE, art. 4)

Desde esta definición, tomando como marco de referencia o conxunto da Lei e, concretamente, o Título III, dedicado á Educación de Adultos, encontrámonos con situacións moi significativas:

1.- A Educación de Adultos, do xeito que queda definida na LOXSE, non se corresponde cun ningunha das unidades organizativas establecidas: non é un ciclo, nin un nivel, nin unha etapa, nin un grao, nin unha modalidade, pero pode conter dentro dela todas esas unidades organizativas.

A única referencia explícita que en todo o contexto documental da reforma se fai á posición da Educación de Adultos dentro do Sistema Educativo, atópase no Libro Branco para Reforma, onde se establece que:

A Educación de Adultos non pode ser considerada intrinsecamente senón como un subconxunto integrado nun proxecto global de Educación Permanente. (LBSE, cap. XII, aprt. 7).

Nesta definición o Libro Branco da Reforma cadra coa idea do Libro Branco para a Educación de Adultos, posta xa de manifesto neste documento, ó considera-la Educación de Adultos como un "subsistema".

2.- A Lei garante que este tipo de persoas poderán contar cunha oferta "axeitada" ás súas características. Pero a diferenza do que ocorre coas ensinanzas de réxime xeral e de réxime especial, non desenvolve os elementos do Deseño Curricular que lle correspondería.

Xérase así unha problemática que xira arredor da necesidade e a posibilidade dun Deseño Curricular Específico para a Educación das Persoas Adultas, e que é preciso resolver o máis axiña posible.

Problemática

Posto que o Deseño Curricular se considera un instrumento aberto a posteriores niveis de concreción, e axeitable polos centros e os profesores ás circunstancias concretas de cada situación, cabe a posibilidade de considerar que o axeitamento ó que fai referencia a LOXSE fose unha adaptación á realidade nos niveis de concreción antes citados. Neste caso sería innecesario elaborar un Deseño Curricular Específico para a educación das persoas adultas.

Así e todo é posible, e parece tamén máis razoable e axustado ó espírito e á letra da Lei, considerar que a elaboración dun Deseño Curricular Específico sería o xeito mellor de lograr unha oferta educativa diferenciada e axeitada ás persoas adultas.

Entre as razóns que se poderían alegar par xustificar esta interpretación podemos mencionar dúas fundamentais. Una é que a Lei define obxectivos e recomendacións metodolóxicas específicas para esta educación, co que xa se está modificando o currículo. A segunda é que no Libro Branco para a Reforma, que precede á Lei, recoñécense elementos de contido específico para a educación de adultos que non cadran na súa configuración e tratamento coas áreas establecidas para outros tipos de educación.

Para a Consellería de Educación, Cultura e Deportes do Goberno de Canarias, este pronunciamento é favorable ó desenvolvemento dun Deseño Curricular Específico e, en función diso, estableceu os seguintes obxectivos:

Obxectivos.

Vista a complexidade que presenta a posta en marcha e posterior desenvolvemento dun proceso tendente á configuración dun Deseño Curricular Específico para a Formación das Persoas Adultas, precísase establecer obxectivos que definan, tanto as características que se considera necesario

que teña o proceso no seu conxunto, como algunha das características que habería de ter o deseño final. Neste senso a Consellería de Educación, Cultura e Deportes do Goberno de Canarias considerou necesario defini-lo obxectivos seguintes:

1.- Revisa-la oferta curricular existente no ámbito da Educación de Adultos para coñecer as súas posibilidades e limitacións concretas.

2.- Analiza-las experiencias de innovación levadas a cabo nos Centros de Adultos para coñecer as súas posibilidades de xeneralización.

3.- Potencia-la participación do profesorado en todas as fases da elaboración do Deseño, como garantía de que, tanto a súa forma como os seus elementos resultarán ser os máis axeitados á realidade educativa da nosa Comunidade Autónoma.

4.- Elaborar un Plano de Formación do Profesorado que lle permita participar na elaboración do Deseño, cun grao abondo de coñecementos e competencia profesional.

5.- Definir un Deseño que, tendo en conta os principios que inspiran ó Sistema Educativo e mailos elementos establecidos para as diferentes etapas educativas, permita a obtención de titulacións equivalentes ás que se poden acadar ó concluir cada unha das etapas.

6.- Definir un Deseño curricular que facilite a integración das diferentes áreas de formación establecidas na Orde de 10 de maio de 1991.

7.- Crea-las condicións para que o desenvolvemento posterior do deseño se realice da mellor maneira posible e poda facilitarlle o seu axeitamento ás peculiaridades de cada lugar.

Accións.

Ata o momento presente (1993) desenvóléronse as seguintes accións:

1.- Informouse en todos os centros de adultos sobre a problemática xurdida a partir da LOXSE e sobre a posición que ía adoptar a Consellería de Educación.

2.- Definiuse un Plano para o Proceso de Experimentación Curricular.

3.- Publicouse unha Orde que regula o proceso de Experimentación curricular.

4.- Publicouse e presentouse un Borrador de Deseño Curricular Base para a Formación das Persoas Adultas.

5.- Houbo reunións con tódolos centros e grupos de portavoces destes centros para analiza-las condicións nas que se está a desenvolve-lo proceso de experimentación.

6.- Elaboráronse Orientacións específicas para os centros que están implicados no proceso de experimentación curricular.

7.- Participouse activamente na Comisión de Traballo que se constituíu a nivel nacional e na que participan tódolas Comunidades Autónomas con competencias educativas.

FORMACIÓN BÁSICA DAS PERSOAS ADULTAS: CURRÍCULUM E ORGANIZACIÓN

Camilo Isaac Ocampo Gómez
Inspector de Educación de Adultos en Ourense.

Participo nesta mesa redonda a petición da organización do congreso e en concepto de coordinador da comisión técnica que ten por obxecto o estudo de cuestións relacionadas co Deseño Curricular Base de Galicia correspondente á Formación Básica das Persoas Adultas. Calquera membro da devandita comisión podería facer aquí este papel e, mesmamente, desempeñalo mellor ca min.

Referireime nesta intervención á función da citada comisión técnica para o currículo da formación básica das persoas adultas, ós propósitos do traballo levado a cabo pola mesma, ós principios dos cales se partiu para a realización dos documentos e, finalmente, ó contido dos mesmos.

A comisión foi nomeada no presente curso académico pola Dirección Xeral de Educación Básica a través da súa Subdirección de Inspección, Ordenación e Innovación Educativa para estudar aquelas cuestións relacionadas co currículo da chamada Formación Básica das Persoas Adultas que, coa implantación da LOXSE e a entrada en vigor da Lei Galega de Educación e Promoción de Adultos, a Administración autónoma haberá de abordar nun prazo máis ou menos breve e, asemade, cunha certa coordinación coas restantes Administracións educativas do Estado Español en cumprimento dun dos acordos das Xornadas Técnicas para o desenvolvemento da LOXSE en materia de educación de adultos (decembro de 1991). Formamos parte da mesma 9 docentes de diferentes especialidades e, á vez, pertencentes ás 4 provincias galegas, ás 3 modalidades e os niveis de EXB e BÚP.

O propósito que guiou esta primeira fase do traballo foi dobre. Por unha parte, senta-los principios e establece-las posibles liñas do DCB para a FBPA en Galicia e, por outra, elaborar un documento que aportase propostas de solución ó problema de cales haberían se-los elementos comúns deste currículo no Estado Español. Cuestión esta que se discutiu nunha mesa intercomunitaria (Andalucía, Canarias, Cataluña, Galicia, Madrid, Ministerio de Educación e Ciencia, Navarra, País Vasco e País Valenciá) entre os meses de novembro de 1992 e abril do corrente ano por funcionarios e técnicos das respectivas Comunidades Autónomas.

Os puntos de partida para levar adiante o traballo coído que se poden expresar brevemente do seguinte xeito:

1.- A Formación Básica das Persoas Adultas non se pode identificar sen máis coa Educación Secundaria Obrigatoria para Adultos, xa que nela haberá que harmoniza-los aspectos académico, laboral-profesional e social-cultural, facendo ademais especial incidencia no idioma e na cultura galegas.

2.- A experiencia previa das persoas adultas e os seus intereses e necesidades é de todo punto necesario telas en conta.

3.- O currículo cómpre que se constitúa de xeito que quede integrado por procesos capitalizables que posibiliten a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria.

4.- O currículo deberá estar constituído de tal xeito que ofrezca ó adulto a posibilidade de escoller, de entre varios vieiros formativos, aquel ou aqueles que máis lle conveñan.

5.- Os programas non formais haberán contar cun sistema de homologación.

6.- O currículo que elaboren as distintas Administracións educativas haberán contar cuns mínimos requerimentos comúns a todo o Estado Español.

7.- A estrutura, seguindo o disposto na Lei Galega de Educación e Promoción de Adultos, poderase modular, polo cal convirá dalo paso da Área de coñecemento ó módulo.

8.- As experiencias levadas a cabo e que se están a levar neste momento deberán ser tidas en conta para a elaboración do currículo, tanto que correspondan a centros, como a círculos ou a aulas de EPA.

9.- Unha vez elaborado o DCB da FBPA será necesario experimentalo con carácter previo á súa implantación.

Neste momento a comisión ten elaborados dous documentos que conteñen as correspondentes propostas sobre os seguintes puntos: *Definición da Formación Básica das Persoas Adultas, características que deberá te-lo deseño curricular da FBPA, formulación de obxetivos xerais e elementos comúns dos contidos curriculares da FBPA para o Estado Español*. A súa discusión levouse a efecto nas sesións de traballo celebradas en Madrid os días 10 e 11 de novembro e en Sevilla os días 9 e 10 de marzo do presente ano académico, dentro da mesa intercomunitaria á que xa fixemos alusión anteriormente.

Unha vez chegados a acordo os técnicos participantes na mesa intercomunitaria sobre os puntos anteriores, parece procedente pensar que, no caso de seren asumidas polas Administracións educativas respectivas, teñan estas que enfronta-lo DCB a partir dos citados acordos.

A proposta da comisión galega é de que o currículo se estructure en 7 áreas de coñecemento, tendo cada unha delas entre 6 e 8 módulos. Dentro de cada módulo distinguírase entre feitos, conceptos e principios; procedementos e actitudes; e así mesmo se fixarán criterios de avaliación. Habería módulos obrigatorios e optativos, coincidindo moitos dos primeiros cos requerementos mínimos para o Estado. Para obte-lo título de Graduado en Educación Secundaria bastaría a superación dun certo número de módulos que podería ser aproximadamente do 80% do total. E, finalmente, estableceríase un sistema de convalidacións por experiencias previas ou por cursos non formais que foran superados.

A partir deste momento ábrese, pois, unha nova etapa na que vai ser preciso afondar, concretar e experimentar o novo DCB de FBPA, cousa que, por outra banda, acaba de facilita-lo Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 2 de abril) cando na súa disposición adicional dí:

"A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá adapta-lo currículo establecido no presente decreto ás características, condicións e necesidades da poboación adulta, de acordo coas esixencias de organización e metodoloxía da educación das persoas adultas, tanto na modalidade de educación presencial como na de educación a distancia".

FORMACIÓN BÁSICA DAS PERSOAS ADULTAS: CURRÍCULO E ORGANIZACIÓN

J. Pérez de Colosía
Ministerio de Educación y Ciencia

A lei Orgánica de 3 de outubro de Ordenación Xeral do Sistema Educativo establece, no seu Título Preliminar, a educación permanente como principio básico do sistema educativo (ART. 2.1).

O Título III desa mesma Lei garante a educación das persoas adultas (Art. 51.1) e establece a educación básica como un dos seus obxectivos (Art. 51.2), a súa atención preferente (Art. 51.3) e a posibilidade de contar cunha oferta axeitada ás súas condicións e necesidades (Art. 52.1).

A formación básica das persoas adultas haberá recolle-lo disposto no Título III da LOXSE, axeitando os currículos de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria establecidos nos R.R.D.D. 1344/1991 e 1345/1991 do 6 de setembro e que, na súa Disposición Adicional Segunda, permiten axetalos ás características, condicións e necesidades da poboación adulta.

O tramo educativo correspondente á educación primaria haberá ser adaptado polos centros de educación de persoas adultas e recollerase nos seus proxectos curriculares.

Na actualidade, o Ministerio de Educación e Ciencia, para dar resposta ó obxectivo nº 11 do Programa Nacional de Formación Profesional, está a elaborar un "Curso de Formación de Base para Persoas en Idade Activa" co obxectivo prioritario de proporcionar a formación necesaria para aproveitar con rendemento a formación ocupacional. O proxecto do curso está xa elaborado e sometido á consulta dos empresarios, sindicatos e Ministerio de Traballo.

Este Curso de Formación de Base vai dirixido ás persoas adultas que non dominan as técnicas instrumentais básicas, ben porque nunca as posúiron, ou ben porque precisan dunha actualización nelas.

Os destinatarios son, polo tanto, as persoas adultas que carecen dunha formación que lles permita unha meirande participación activa na sociedade e mais na empresa, así como a posibilidade de acceder a outras aprendizaxes (ESO, actual FP1, Formación Profesional Ocupacional...).

O curso de formación de base organízase en tres módulos que integran interdisciplinarmente tres campos de coñecemento: Comunicación, Matemáticas e Ciencias Sionaturais.

O curso terá unha duración de seis meses, susceptible de se alongar ou reducir, e o alumno haberá de se incorporar ós módulos pertinentes segundo a súa preparación.

As persoas que chegan a acadar los obxectivos do curso recibirán unha acreditación.

A Educación Secundaria Obrigatoria, tramo que completa o ensino básico, contará cun currículo específico das ensinanzas para a obtención do Título de Graduado en Educación Secundaria polas persoas adultas. Este currículo, que na actualidade está en fase de proxecto, foi obxecto de análise común con tódolas Comunidades Autónomas con competencias en materia educativa, e vai ser sometido ó coñecemento e valoración dos sindicatos representados na mesa sectorial do Ministerio de Educación e Ciencia.

A Educación Secundaria contribuirá ó desenvolvemento integral das persoas adultas, tanto nas súas capacidades e destrezas intelectuais coma na súa capacidade de resolver problemas reais, de participación na vida social, cultural, política e económica, de espírito crítico e creativo, de solidariedade e traballo en equipo e de formación de base para o mundo do traballo.

Para conseguir desenvolve-las capacidades expresadas no Art. 19 da LOXSE, as persoas adultas que cursen a Educación Secundaria deberán acadar uns obxectivos xerais relacionados con: a comunicación oral e escrita; a comunicación por medio de códigos artísticos, científicos e técnicos; a procura, selección e tratamento crítico da información; a resolución de problemas; a propia autonomía e maila relación con outras persoas respectando as diferencias; os mecanismos e valores que rexen as sociedades; o coñecemento e valoración do medio físico e mais do patrimonio cultural, a súa conservación e mellora; o desenvolvemento tecnolóxico e científico e maila súa incidencia no medio físico e social; a importancia de colaborar no mantemento da saúde individual e colectiva.

O axeitamento do currículo de Educación Secundaria para as persoas adultas contén algunhas particularidades que se reflecten, non só nos obxectivos xerais, entre os que se inclúen algúns propios do mundo adulto, senón tamén na metodoloxía e mais na organización do currículo.

O currículo de educación secundaria para as persoas adultas organízase en catro campos de coñecemento: Comunicación, Sociedade, Natureza e Matemática.

Cada campo de coñecemento leva canda el unhas aportacións ás capacidades que a educación básica debe desenvolver, de xeito que articula e traduce, nun conxunto de obxectivos, contidos conceptuais, procedementais e actitudinais e criterios de avaliación concretos, as intencións globais que expresan os obxectivos xerais. Polo tanto, inclúe tamén elementos non contemplados no R.D. 1345/91 do 6 de setembro polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, e que, sen embargo, se consideran precisos para a formación básica das persoas adultas, propios da participación social e do mundo do traballo.

O eido de coñecemento facilita a interrelación e, sobre todo, a interdisciplinabilidade entre diferentes áreas, achegando a aprendizaxe á realidade da persoa adulta que se reincorpora á educación cunha experiencia globalizada da vida, que habería resultar contradictoria cunha excesiva compartimentación dos saberes.

O eido da Comunicación comprende as áreas de Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira, Música, Educación Plástica e visual, Educación Física e Tecnoloxía. A Lingua Estranxeira, dadas as súas características especiais, poderase tratar de maneira interdiciplinar. Na Comunidade Autónoma das Illas Baleares integrárase neste campo a área de Lingua Catalana e Literatura.

O eido da Sociedade integra as áreas de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Música e Educación Plástica e Visual.

O eido da Natureza integra as áreas de Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía.

O eido da Matemática integra as áreas de Matemáticas, Educación Plástica e Visual e Tecnoloxía.

De igual maneira o currículo de Educación Secundaria para as persoas adultas incorpora elementos transversos, tanto por supoñer unha evidente mellora cualitativa, como por seren instrumentos moi eficaces para a máis plena integración social destas persoas, posibilitando o desenvolvemento da capacidade de participación activa e crítica no seu contorno.

Son elementos transversos básicos: o desenvolvemento de modelos non sexistas e de igualdade de oportunidades entre ambos sexos; a educación para a saúde; a educación para a convivencia multicultural; a formación e orientación laboral para a procura e mellora no emprego e das condicións de

traballo; a educación ambiental; a educación para o consumo; a educación para a paz; a educación sexual; a educación vial; a educación para a tolerancia; a educación moral e cívica e maila educación para o lecer e o tempo de vagar.

Os eidos de coñecemento están, o mesmo tempo, formados por módulos autónomos, coordinables entre eles, e secuenciados segundo a relación dos contidos do eido. Os módulos haberán ser capitalizados no senso de que a acreditación dos módulos superados ten validez para obter o título ou certificación oportuna.

Adóptase a estrutura modular por se-la máis axeitada ás características e posibilidades das persoas adultas, xa que resulta flexible e aberta no que toca ás posibilidades de entrada ó curso, no referido á elección do ritmo de avance e á posibilidade de seguir distintos vieiros, cursando, nun momento determinado, uns módulos ou outros. Así ofrece a posibilidade de cursar os módulos un por un ou simultaneamente o traballo de varios módulos correspondentes ó mesmo ou a distinto campo de coñecemento.

O currículo inclúe módulos comúns e módulos optativos para que as persoas adultas, nalgún intre do itinerario, poidan escoller, entre varios, os que se axeiten mellor ás súas características, intereses e necesidades, sempre que poidan contribuír a acadar as capacidades xerais do curso.

A metodoloxía do currículo terá en conta as características da poboación á que vai destinada, que accede a estes estudos de maneira voluntaria, mergullada xa nun medio sociolaboral concreto, cunha bagaxe cultural heteroxénea, cunha experiencia previa, máis ou menos ampla e de carácter máis vital que académico, cunha grande variedade de expectativas e motivacións e cuns compromisos e obrigas que demandan a máxima flexibilidade no ámbito académico.

Se a experiencia previa é a base para construír aprendizaxes significativas, no caso das persoas adultas resulta especialmente relevante pola súa amplitude e diversidade. A bagaxe de experiencias e mailas motivacións persoais coas que cada alumno ou alumna accede á oferta, condiciona a metodoloxía do proceso todo. Esta metodoloxía ten que potenciar, por riba de todo, a funcionalidade das aprendizaxes, o seu aspecto práctico, a reflexión sobre o aprendido e a súa aplicación a situacións novas. A persoa adulta poderá superar tódalas dificultades da aprendizaxe se sabe que a adquisición dun novo coñecemento vai axudar a resolver un problema ou vai facilitar unha promoción de tipo laboral ou social. Aprenderá na medida en que a aprendizaxe responda ós seus verdadeiros intereses e necesidades. Reforzaranse, xa que logo, os aspectos prácticos de cada campo de coñecemento co fin de os vincular ó seu contorno e máis ó mundo do traballo.

Todo isto esixe que a metodoloxía se asente na autoaprendizaxe, xa

que soamente é posible considera-los factores que condicionan a aprendizaxe nos adultos: as súas necesidades, os seus intereses e motivacións máis importantes ou o tempo do que verdadeiramente dispoñen, así como elementos que poden interferir negativamente, como poden ser: a falla de interese, o horario laboral, o traballo doméstico, o cansazo, etc.

A avaliación, que ten por obxecto tanto as aprendizaxes dos alumnos como os procesos de ensino, haberá ser continua, individualizada e integradora, polo que precisará ter en conta as capacidades do curso a través dos obxetivos dos distintos eidos de coñecemento, e a información subministrada pola avaliación a que permite tanto orientar ó alumno, como guía-lo proceso de ensino e aprendizaxe.

Haberá unha proba de nivel para avalia-la situación académica das persoas que non acrediten as titulacións consideradas como equivalentes a algúns campos ou módulos do currículo de Educación Secundaria para persoas adultas

Ó se incorporar ó curso de Educación Secundaria, as persoas adultas realizarán unha Avaliación Inicial do Alumno, que haberá recoller datos persoais (familiares, sociais, laborais...), coñecementos, experiencias previas, expectativas e intereses.

O resultado da Avaliación Inicial do Alumno indicará cales son os módulos que ten superados e os que deberá cursar, e será un instrumento fundamental para a orientación da aprendizaxe.

Ó longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe integrarase a avaliación formativa, que haberá incluír actividades de autoavaliación, coavaliación, heteroavaliación, traballos de investigación e calquera tipo de actividade. A avaliación formativa proporciona información que permite a modificación do proceso, se fose necesaria.

A avaliación sumativa valorará o grao de consecución obtido por cada persoa dos obxectivos propostos e integrará a información obtida ó longo do proceso educativo. Cada módulo haberá ser obxecto dunha avaliación sumativa. O resultado dela indicará a capacidade ou dificultade para se enfrontar ó módulo seguinte, orientando o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A superación de cada módulo poderase certificar de maneira independente, segundo o itinerario formativo de cada persoa, tendo en conta o seu ritmo, intereses e necesidades. A certificación positiva de todos e cada un dos módulos que esa persoa deba realizar, segundo se detectase na Avaliación Inicial do Alumno, dará dereito á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria.

O curso terá unha duración de 1.200 a 1.500 horas, pero este tempo poderase alongar ou acortar en función das características e necesidades de cada persoa. Para se incorporar ó curso, será preciso ter feitos os 18 anos.

A Educación Secundaria para as persoas adultas impartirase por profesores de Educación Secundaria, así como profesores de Educación Xeral Básica que cumpran os requisitos de especialización oportuno. Os profesores deberán contar coa formación didáctica precisa para responder ás necesidades das persoas adultas.

Os centros de educación de persoas adultas concretarán e completarán o currículo mediante a elaboración de proxectos curriculares dos que os obxectivos, contidos, metodoloxía e sistemas de avaliación respondan ás características, expectativas, necesidades e intereses das persoas adultas, axeitándose ó contexto socioeconómico e cultural do contorno. Atenderán tanto á modalidade presencial como á de distancia.

Prevese que o proceso antes descrito conclúa coa publicación da correspondente Orde Ministerial antes de remata-lo presente ano académico e, así, podelo experimentar nalgúns centros de educación de persoas adultas durante o curso 1993-94, ano no que se iniciará o proceso que leve á elaboración dos materiais didácticos para a súa implantación na modalidade a distancia.

O CURRÍCULO DA FORMACIÓN BÁSICA DE ADULTOS

Teresa Pi Joan Balcells

Subdirección de Asuntos Sociais. Cataluña

Defínese hoxe a educación de adultos como o proceso educativo e formativo que ha acompañar á persoa ó longo de toda a súa vida para que poida acadar unha realización persoal plena. Así pois, a educación de adultos queda encadrada dentro do proceso de educación continua e, ó mesmo tempo, débese contemplar como un factor importante de democratización que contribúe ó progreso social na medida que desenvolve unha participación activa na vida económica, social e cultural.

Dentro deste contexto, a Lei de Formación de Adultos de Cataluña, do 1991, establece que a formación de adultos abrangue tres ámbitos fundamentais de actuación:

- A formación instrumental e maila formación básica.
- A formación para o mundo laboral.
- A formación para o tempo de lecer e a cultura.

Actuacións referidas ós tres ámbitos están a se levar a cabo desde distintas instancias e organismos da administración autonómica e local, e desde a iniciativa privada e social.

Desexo salientar que a Lei defende uns propósitos claros:

- Contar co asesoramento das diversas instancias sociais con incidencia neste eido a través do Consello Asesor de Formación de Adultos.

-Acada-la coordinación interdepartamental (distintos Departamentos da Generalitat) na formación de adultos. A tal efecto está creada a Comisión Interdepartamental de formación de adultos.

-Contar coa colaboración e a implicación da administración local a través de convenios e coa elaboración de *Plans locals de formación de adultos* onde os tres ámbitos que define a Lei conflúen e se materializan nuns servicios e actividades diversas.

O desenvolvemento do currículo da *formación instrumental e a formación básica* é, xa que logo, un elemento fundamental no que estamos a traballar e que dá cohesión ás diversas actuacións de cada ámbito. Sobre como se está a desenvolver é o motivo desta exposición.

Aspectos psicopedagóxicos

Entendemo-lo currículo como o conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación que prescriben nalgúns casos e orientan noutros a acción dos que se dedican á formación de adultos.

A elaboración e concreción deste currículo realizouse de acordo cunha determinada concepción do que supoñen os procesos de ensinanza e aprendizaxe atendendo ás características e necesidades das persoas adultas, a partir das aportacións das fontes psicolóxica, sociolóxica e epistemolóxica.

Algúns dos aspectos desta concepción refírense a cuestións xerais que atinxen dun xeito semellante ós procesos de ensino e aprendizaxe de tódolas etapas educativas. Son aspectos que xa se contemplaron na elaboración dos currículos das diferentes etapas de ensinanza non universitaria e que a seguir se resumen:

- Os procesos de aprendizaxe son procesos de construción do coñecemento nos que cada persoa, a partir dos elementos que forman a súa estrutura cognoscitiva, tenta establecer relacións e unións cos novos contidos que debe aprender e que poderá interiorizar na medida na que sexa quen de integralos e relacionalos de maneira substantiva, non de maneira arbitraria, co que sabe xa de antemán.

Cando isto se produce, pódese dicir que a nova aprendizaxe chega a se enriquecer de forma global a rede de coñecementos preexistentes e chega a ser, para esa persoa, significativo, na medida na que pode servir para construír novas aprendizaxes, en que o pode aplicar a situacións diferentes ás do contexto no que as aprendera, e que lle resulta, en definitiva, funcional.

- Para que a aprendizaxe se dea deste xeito nunha situación de ensino-aprendizaxe, en xeral, han de se dar distintas condicións:

* O papel do alumno durante o proceso, entendida esta actividade desde o punto de vista interno, mental, e maillo grao de motivación suficiente para realiza-lo esforzo que supón.

* Que o material a aprender estea estruturado, con coherencia lóxica e lóxica interna e que se presente ó alumno de maneira clara e organizada.

*Que a distancia existente entre a aprendizaxe proposta e o que sabe o alumno sexa tal que permita a este alumno, coas axudas precisas, a utilización, con éxito, dos coñecementos previos na consecución da nova aprendizaxe.

Unha distancia meirande impedirá o correcto establecemento de unións e relacións entre o que xa se sabe e o que haberá que aprender. A aproximación excesiva non estimulará nin fará avanzar cara a novos coñecementos.

Esta forma de entende-los procesos de construción do coñecemento comportan, implicitamente, a necesidade de dispoñer dun currículo aberto e flexible que permita as necesarias adaptacións ás características individuais e máis ós contextos concretos onde se haberá de impartir-la formación. Neste caso, tratándose dun currículo que ordena a formación básica de adultos, esta necesidade resulta dobremente xustificada.

As opcións psicopedagóxicas tomadas na elaboración do currículo non dispoñen dunha metodoloxía didáctica concreta. Trátase de evitar vellas confrontacións entre métodos pero entendendo que non tódalas extratexias utilizadas resultan favorecedoras da aprendizaxe por un igual. En todo caso, as que se inclinan cara á homoxeneidade de actividades e criterios de actuación con tódolos alumnos e mailas que teñen en conta os diferentes niveis e bagaxes destes alumnos terían que quedar eliminadas.

Desde a perspectiva apuntada, a sistematización do proceso de ensino e aprendizaxe posibilitará:

-Un bo nivel de interacción entre o formador e mailos alumno que lles proporcione a estes a seguridade e a confianza necesarias para que a comunicación sexa fluída:

O achegamento ós coñecementos e experiencias previas das persoas adultas e mailo coñecemento das súas motivacións e expectativas non depende tanto da utilización de técnicas e procedementos complexos de avaliación, como de asegurar un bo nivel de intercambio e comunicación entre o formador e o grupo que permita expresar a cada un dos alumnos dúbidas, ideas previas sobre os coñecementos (se cadra equivocadas), opinións e necesidades, etc. e ó formador a detección de aqueles aspectos a ter en conta para facilitarlles ós alumnos a axuda precisa para a consecución das aprendizaxes.

-O traballo desde unha perspectiva globalizada que axude a lle atopar sentido, a contextualizar e, en defenitiva, a facer máis funcionais as aprendizaxes que realicen os alumnos:

Non se quere dar a entender neste apartado que é necesario o uso sistemático dun método global que abranga tódolas disciplinas presentes no currículo. Trátase de ter en conta contextualiza-los contidos no marco das experiencias próximas ós alumnos, de os relacionar coas demandas que os

propios alumnos fan, de dar sentido a estes contidos, facilitando a aprendizaxe a través de actividades que susciten a resolución de problemas ou situacións que resulten próximas e útiles ós alumnos adultos, cun bo número de necesidades concretas.

- O número abondo de actividades que permita unha correcta exercitación e aplicación dos contidos a aprender:

É necesario que na distribución do tempo que se dedica ó traballo cos alumnos se teña presente a necesidade de dispor de espazo abondo para traballar con diferentes exemplificacións, especialmente cando se trata de contidos de carácter marcadamente abstrato e, en xeral, ten que se prever que a consecución das aprendizaxes constitúe un proceso, en moito casos relativamente longo, que require unha certa exercitación en situacións diferentes para poder asegurar unha consolidación.

- A adaptación ás diferencias individuais mediante a utilización intencionada de estratexias didácticas diversificadas que posibiliten os diferentes niveis de axuda que cada alumno precise nun momento determinado e que aproveiten o potencial que o propio grupo de alumnos adultos pode aportar:

Resulta imposible determinar de forma xenérica cales son as estratexias didácticas que, en cada momento e para cada actividade concreta, poden ser máis efectivas para un alumno ou grupo de alumnos se non é a partir do traballo seguido que cada formador realiza. De igual maneira que o alumno non é substituíble na realización das propias aprendizaxes, tamén o é o formador na súa tarefa e no conxunto de decisións que ten que tomar para proporcionar-la axuda necesaria para que un dos alumnos avance no seu proceso.

Non obstante, esta axuda ten que estar planificada e intencionada, o formador ten que avalia-las vantaxes e desvantaxes dos recursos didácticos que utiliza para que poidan ser usados oportunamente.

En todo caso, dispor de recursos diversificados, se se admite que todos eles poden resultar máis ou menos convenientes en función das variables expostas neste apartado, ábrese a posibilidade de variar-lo tipo de actividade, a presentación dos novos contidos para aprender, o tipo de resposta que se pide, o seu grao de dificultade e, en definitiva, permite que nos axeitemos máis ás condicións e necesidades de tódolos alumnos.

Na aplicación deste conxunto de estratexias convén ter en conta a potencialidade do grupo de persoas adultas e mailas aportacións que, en calquera actividade, se poidan realizar mutuamente. Neste senso, as diferencias individuais que é preciso compensar, é dicir, as derivadas dos diferentes niveis de dificultade que os alumnos presentan na consecución de novas aprendizaxes, poden atopar no grupo propio unha boa parte da resposta que precisan.

- O deseño de actividades que permita a observación do proceso de aprendizaxe e, polo tanto, a avaliación continua deste proceso:

A avaliación integrada nas actividades de ensinanza-aprendizaxe permite obter en cada momento a información necesaria para a regulación do propio proceso. A información que proporciona a avaliación continuada ha se-lo punto de referencia a partir do que se realicen os axustes e mailas modificacións oportunas que permitan mellora-la adaptación do currículo ós alumnos para que todos poidan acadar-los obxetivos propostos.

O currículo dirixido á formación básica de adultos ten que incidir especialmente nun aspecto que é inherente á concepción da aprendizaxe descrita: a máxima potenciación da autonomía dos alumnos que abra ós adultos a posibilidade da autoformación, que lles facilite iso que se deu en chamar "aprender a aprender".

O proceso de aprender a aprender, a adquisición de habilidades e destrezas que posibiliten a consecución autónoma de novas aprendizaxes non se pode suscitar se non se aplica en contidos concretos. Estas estratexias están, polo tanto, incluídas, en parte, na proposta de contidos que se fai en cada unha das áreas curriculares.

Finalmente, é preciso facer dúas consideracións a esta cuestión:

- De entrada, calquera contido -non soamente de carácter procedemental-, se foi aprendido significativamente, pode ser utilizado para construír novas aprendizaxes e resulta, polo tanto, funcional e contribúe a aumenta-la capacidade de aprendizaxe do alumno.

- Así e todo, a potenciación da autonomía, nun currículo como o que se presenta, pasa por seleccionar, segundo o contorno e as persoas ás que vai dirixido, aqueles contidos que poden resultar máis funcionais e proporcionarlles un grao máis elevado de independencia. No caso da formación básica estes contidos teñen, loxicamente, moito que ver co dominio das técnicas instrumentais da comunicación escrita.

Así mesmo, o deseño das actividades de ensinanza e aprendizaxe ten que contemplar claramente as actuacións que incidan na capacitación das persoas adultas en: a obtención, a organización e maila análise crítica da información; a elaboración de planos de actuación que permitan a abordaxe de situacións complexas con independencia; o traballo en equipo e a resolución de problemas asumindo a toma de decisións, entre outras.

Elementos que configuran o currículo

1.- Obxectivos xerais da lei:

- Eliminar progresivamente o analfabetismo.
- Posibilita-la formación básica.
- Facilita-los accesos á educación regrada postobrigatoria.
- Actualización e perfeccionamento profesionais.
- Contribuír e potencia-la participación social e cultural.
- Fomentar hábitos de responsabilidade cívica.

-Favorecer hábitos e actividades que permitan vivi-lo tempo de vagar de maneira creativa.

-Facilita-la integración dos cidadáns de Cataluña en Europa.

2.- Contidos básicos establecidos na ordenación xeral das ensinanzas primaria e secundaria obrigatorias en Cataluña que contemplan as ensinanzas mínimas establecidas a nivel estatal.

3.- Mellora das competencias sociais de base dentro de contexto europeo.

Europa está a vivir uns cambios a nivel social, demográfico, económico e político, entre outros, que inciden globalmente na súa futura configuración. O desenvolvemento das tecnoloxías e maila diversificación das formas de traballo mudaron considerablemente a natureza e as condicións de acceso ós lugares de traballo, a estruturación do mercado de traballo e maila internacionalización da produción aceleraron a mutación das economías onde o saber é un factor central. As evolucións demográficas, as diversificacións das correntes migratorias modifican os equilibrios sociais e poñen en cuestión os sistemas de regulación. No seo destas transformacións a socialización das persoas está afectada e, en consecuencia, tamén está a súa forma de vivir e de convivir.

O Consello de Europa recomenda, neste eido, ós distintos estados e países, como política prioritaria a seguir, ergue-lo nivel das competencias sociais de base. É preciso sinalar que non se refire unicamente a eleva-los coñecementos de cálculo, escrita, linguas, etc., senón que comporta responder ás esixencias dos diferentes eidos económicos e sociais. Prevé que isto soamente é posible potenciando, en todo proceso de formación, valores e habilidades relacionados coa responsabilidade, flexibilidade, adaptabilidade e iniciativa e tendo presente que elevar este nivel é, como mínimo, moi variable para cada país.

O modelo de formación de adultos que o Goberno da Generalitat promove non se basea unicamente nunha formación de carácter compensador e de integración socio-cultural, senón que, ademais, quere que se contemple: unha ampla preparación profesional dos traballadores e empresarios que faga da reciclaxe e da cualificación profesional o instrumento máis axeitado para responder ó reto da competitividade e a especialización, salientando a formación eficaz de linguas estranxeiras e a utilización das novas tecnoloxías.

A formación instrumental e a formación básica

De acordo coa Lei de formación de Adultos e a LOXSE, a formación básica é o proceso formativo que comprende desde a alfabetización absoluta ata a obtención do graduado en educación secundaria. A formación de adultos ten como finalidade o desenvolvemento integral das persoas adultas, de maneira que poidan participar activamente na comprensión, análise e mellora das condicións de vida persoais e do seu contorno. Por isto é necesario posibilita-lo acceso das persoas adultas a tódolos niveis da enseñanza regrada.

A construción dun país moderno e a consolidación dunha sociedade democrática e de progreso baséanse, principalmente, no grao de formación dos seus cidadáns. A formación ten unha incidencia directa no espírito cívico das persoas e fai posible o respecto ás distintas opcións ideolóxicas e o desenvolvemento dunha participación activa na vida económica, social e cultural.

Nos últimos tempos os estudos sociais teñen constatado que existe unha relación directa entre o nivel de formación dunha determinada comunidade nacional e o seu benestar económico. Tamén se ten observado que as zonas que teñen hoxe un volume maior de desocupación son aquelas nas que os niveis de educación son máis baixos. Vese aquí a importancia de potenciar, con tódolos medios, a formación xeral.

A formación instrumental e básica de adultos diríxese a:

- Ás persoas que non completaron a escolaridade básica esixida no sistema educativo ordinario.

- Ás persoas que, por falta de exercita-los contidos aprendidos, perderon parte da súa educación básica.

- Ás persoas que quedaron desfasadas respecto do nivel considerado básico e obrigatorio.

- Ás persoas que, por razón dun cambio laboral, migratorio ou social, encóntranse nunha nova situación que lles esixe un esforzo formativo.

- Ás persoas que se queren incorporar a outro ámbito de formación de adultos e non poden por falta dun bagaxe de formación básica previa.

O novo marco lexislativo e maila reforma do sistema educativo, introducen elementos anovadores para a formación básica e instrumental das persoas adultas. A nova situación educativa e social esixe unha resposta axeitada e propón a esixencia dunha formación básica actualizada para todos. Por iso os programas escolares non se poden adaptar á etapa adulta sen se propor métodos distintos e unha organización educativa axeitada á nova situación e tamén ás características das persoas adultas.

Toda persoa adulta ten unha cultura que foi asimilada ó longo da súa vida, fose ou non á escola. Os destinatarios da formación instrumental e básica teñen que adquiri-los coñecementos académicos tomando como punto de partida a súa propia cultura e o seu contorno social, económico e cultural.

As peculiaridades específicas da formación instrumental esixen o axeitamento dos procesos e ritmos de aprendizaxe ás características dos alumnos, tendo en conta o contido específico de cada área e a maneira de organizar pedagoxicamente este contido.

Na formación de adultos cómpre ter en conta a necesidade de fomentar un nivel axeitado de desenvolvemento da persoa adulta, xa que a protagonista da formación de adultos é esa mesma persoa. Esta deberá chegar a comprender que a súa educación é un proceso que lle esixe participación e que a obriga a actuar de maneira autónoma. A motivación, en consecuencia, é unha variable moi importante.

Na maioría das persoas adultas que seguen cursos de formación instrumental e básica, en calquera nivel, adóitanse dar unha utilización de códigos lingüísticos restrinxidos. Por iso, no desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe haberanse ter en conta algúns aspectos básicos da aprendizaxe lingüística, especialmente na adquisición de léxico e estruturas gramaticais. Cómpre, tamén ter presente algunhas consideracións xerais arredor das que xiran as bases psicopedagóxicas da formación instrumental e básica de adultos:

- As actividades haberanse presentar de maneira que motiven inicialmente á persoa adulta e fagan referencia ó seu contorno próximo e coñecido.

- As actividades de aprendizaxe deberán favorecer-lo paso da utilización de códigos lingüísticos restrinxidos a unha linguaxe conceptual e progresivamente estruturada.

- As persoas adultas haberán coñece-los resultados da súa aprendizaxe e participaran dalgún xeito na súa avaliación.

Os formadores de adultos

Os responsables da formación básica das persoas adultas facilitarán o proceso de asimilación dos contido precisos para a súa realización persoal e social.

Así mesmo, axeitarán as actuacións e estratexias ás características de cada grupo de alumnos e, arredor destas, aportarlles recursos para que poidan desenvolver o proceso de formación. Por isto é preciso que a súa intervención preveña a diversidade de necesidades e características dos alumnos, mantendo e fomentando, ó tempo, actitudes positivas, respectuosas e constructivas.

De acordo con estas referencias, apórtanse aspectos recollidos da experiencia que os formadores de adultos haberán ter en conta á hora de desenvolve-lo seu cometido.

Coñece-las persoas e o contorno no que se traballa.

- As características psicolóxicas e sociolóxicas da persoa adulta, as motivacións e mailos distintos ritmos da súa aprendizaxe.

- As características económicas, sociolóxicas e culturais e maila realidade institucional e asociativa do contorno no que está situado o Centro.

Saber elaborar e dar cabo a un proxecto educactivo.

- O coñecemento epistemolóxico das áreas: as vertentes conceptuais e procedementos.

- A capacidade de orientar e contribuir á formación integral das persoas.

- O establecemento das relacións entre as destrezas que ten cada persoa ou grupo e as destrezas cognoscitivas que se pretende que asimilen.

- Posuír recursos didácticos para elaborar programas e materiais e crear dinámicas baseadas na realidade das persoas adultas.

-Ser quen de marcar obxectivos, de desenvolver actividades de formación e de avalia-lo proceso e mailos resultados.

-Saber estimular ós/ás adultos/as para que cheguen a ser suxeitos da súa propia formación.

Colaborar nos proxectos formativos de base territorial.

-Os formadores han ser quen de se coordinar entre eles, a fin de integrar un equipo que dea resposta a un proxecto educativo común, ben sexa a nivel de centro, ben de ámbito territorial.

Han ter en conta que o centro de formación forma parte do conxunto de institucións e entidades do territorio e, en consecuencia, haberá que articular, todo canto sexa posible, as actividades dos formadores no conxunto das realizadas por estas institucións.

-Teñen que respectar e integra-las distintas culturas que conviven no mesmo contorno.

Ter en conta os ámbitos de formación de adultos.

-Haberán ser capaces de vencella-la súa función de educadores de formación instrumental e básica coas necesidades formativas para o mundo do traballo, o tempo de lecer e maila cultura.

EDUCACIÓN DE ADULTOS E DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO

José Antonio Caride Gómez
Universidade de Santiago de Compostela

Como opción formativa que se inserta nos procesos de cambio social, o discurso da Educación de Adultos ten unha decidida vocación política e social. Asemade, como teoría e praxe que aspira a satisfacer determinadas necesidades educativas dos individuos, constitúe un proxecto pedagóxico mediante o que se estima factible perfecciona-la forma humana de existir, que diría Freire.

Sen dúbida, estas connotacións político-sociais e mesmo pedagóxicas que recoñecemos na Educación de Adultos precisan dun contexto territorial e cultural no que concreta-las súas propostas, activando experiencias e iniciativas que se orienten ó desenvolvemento das persoas, dos grupos e comunidades nos que teñen lugar as súas vivencias.

A tal fin, o problema fundamental consiste en integra-las actuacións que se promovan no marco máis amplo das transformacións sociais, reducindo ata onde sexa posible as especulacións que a cotío se suscitan encol dos poderes reais da educación e das persoas adultas nas dinámicas colectivas. Alomenos, daqueles adultos que soen precisar da Educación de Adultos.

Entendemos, que de existir oportunidades para acadar este proceso de integración deben, á súa vez, posibilita-la adopción de esquemas participativos e comunitarios, congruentes coa filosofía dun desenvolvemento social concebido a modo de proceso consciente, planificado, de organización e reconstrucción das comunidades locais; no que toman parte persoas, grupos ou colectivos que se autoidentifican no contexto dunha sociedade limitada territorialmente, cunha historia que se proxecta cara un futuro que poidan comparti-la maioría dos seus membros, mesmo todos eles.

Polo demais, un Desenvolvemento Comunitario que se relacione en positivo con cambios graduais na sociedade, en termos do que é desexable a nivel ético, económico, cultural, político, social, etc. En definitiva, como filosofía dunha acción que se caracteriza polo esforzo conxunto e colaborativo da poboación en tarefas que implican pensar e actuar nas realidades cotiás, reclamando e facilitando unha mellora substancial na calidade das súas vidas.

Como se sabe, os argumentos históricos que se inician na Conferencia de Educación de Adultos de Elsinor (1949) e continúan nas celebradas en Montreal (1960), Tokio (1972), Nairobi (1976), insisten progresivamente nesta vinculación da Educación de Adultos ó desenvolvemento comunitario. Máis recentemente, na Conferencia de París (1984), trátase xa dunha recomendación explícita: a función da Educación de Adultos debe definirse no contexto das necesidades da persoa e a sociedade, elaborando programas adecuados co obxecto de proporcionar oportunidades educativas ós diversos grupos de adultos; para iso, ó planea-los programas de Educación de Adultos, é preciso concentrarse na idea de que "os interesados deberán participar tanto na ampliación da súa capacidade de iniciativa e nos seus coñecementos prácticos, como no *desenvolvemento da comunidade* á que pertencen... que fomenten a incorporación da dimensión local do desenvolvemento na elaboración e a aplicación das políticas e os programas de Educación de Adultos".

Do anterior cabe deducir que a Educación de Adultos ten que incorporarse como contido e metodoloxía ós procesos globais do desenvolvemento comunitario. As razóns desta incorporación residen, cando menos, no seguinte:

a) A Educación da Adultos é, en sentido amplo, unha práctica complexa na que asemade dos criterios educativos están presentes outros que son propios da intervención e o traballo comunitarios: apoio e coordinación entre axentes e institucións activas, implicación dos servizos públicos existentes, aproveitamento das potencialidades culturais, planificación e avaliación dos programas, etc.

b) A Educación de Adultos, é necesariamente un proxecto comunitario, tanto en canto nin debe nin pode estar á marxe das necesidades e realidades comunitarias. De facto, é unha práctica educativo-social que se constrúe e reconstrúe permanentemente nos contextos comunitarios, asentada en procesos de organización e participación colectiva mediante os que se pretende acrecentar-lo ben estar dos suxeitos e das comunidades. Como se suñía na condición plural do termo Adultos, un dos obxectivos prioritarios da súa Educación é, segundo expresa Lowe (1976), promover-la acción comunitaria.

c) Na Educación de Adultos o desenvolvemento persoal e o desenvolvemento comunitario non pode darse de xeito divorciado, xa que ámbolos dous refírense ó desenvolvemento conxunto de tódalas persoas e de toda a persoa.

En consecuencia, como se anticipaba no *Libro Blanco da Educación de Adultos* (MEC, 1986) e lembraba Jabonero (1990:88), a Educación de Adultos é un factor de cambio en individuos e comunidades, no que a formación non é un fin en sí mesma senón un medio para conseguir transformacións culturais, sociais, económicas e políticas: para avanzar individual e colectivamente, para favorecer un modelo de desenvolvemento endógeno e harmónico.

Entende-la mensaxe das teses subxacentes nos argumentos expostos, obriga a supera-la concepción reduccionista dunha Educación de Adultos que se limite a desenvolverse como mero proceso de ensino-aprendizaxe, conducente á obtención dunha titulación académica ou á satisfacción de certas necesidades persoais e sociais: recualificación laboral, alfabetización, transición á vida activa, etc. En síntese, sendo interesante dotar á Educación de Adultos de opcións curriculares e instructivas que resolvan déficits e carencias importantes da poboación, non pode quedar restrinxida a obxectivos ou logros desa índole.

Como anticipa Kade (1991), o reduccionismo na concepción e prácticas dunha Educación de Adultos orientada tan só á instrucción, provoca o risco de quedar atrapada na súas propias redes, sen máis proxección educativa e social que a que dean de sí os alumnos ou persoas que se educan, sexa pola vía da promoción educativa, laboral ou por ambas.

No conxunto das contradicións que ocasionan os planeamentos estrictamente instructivos hai que denuncia-la falacia que conleva aludir "á inversión no *capital humano*" (na súa nova versión, tralo fracaso constatado nas súas interpretacións nos anos finais da década dos sesenta), polos significados de corte funcionalista, economicista e meritocrática que oculta. A cuestión é *invertir na educación*, facelo con criterio político e social, para que dela se deriven as potencialidades que se lle recoñecen de cara á formación crítica, consciente e responsable das persoas, mesmo do dereito a ser felices; unha vella aspiración xa formulada na "Declaración dos Dereitos Humanos" de Virxinia (1776).

Incardina-la Educación de Adultos nos procesos de Desenvolvemento Comunitario require contemplar e valora-las *comunidades locais* na súa diversidade (parroquias, barrios, pobos, concellos, etc. dos medios rural e urbano). Tamén como un espazo relacional e dialóxico (García e González, 1992): un contorno social vivo, de natureza interpersonal e intergrupalo respecto do que as persoas sinten estima e apego, no que actúan en confianza, co que establecen compromisos e responsabilidades en tanto que realidade na que se amplían as opcións formativas para as persoas, na dobre condición de educandos e educadores.

Esta ampliación das opcións formativas debe sustentarse inequivocamente nos principios que definen a teoría e a práctica da *Educación Permanente* e, por extensión ás realidades da vida cotiá, nos postulados metodolóxicos que se atribúen á denominada *Pedagogía da cotidianidade*. Unha Educación/Pedagogía na que sexa recoñecible que se parte, entre outro aspectos:

-das necesidades concretas da poboación adulta. Facendo compatible o diagnóstico descriptivo dos déficits ou carencias que presenta, coa toma de conciencia política das súas realidades e problemas nas dimensións infraestructural, material, cultural, educativa, etc.; en conxunto serán necesidades estimadas na súa configuración social, interpretando o impacto que delas se deriva para individuos, grupos e comunidades.

-da pluralidade de temas, ámbitos e axentes educativos. Cabe pensar nunha Educación de Adultos que incorpore ás súas preocupacións temáticas cuestións relativas á saúde, o medio ambiente, o multiculturalismo, a igualdade dos sexos, a cooperación e a solidariedade, etc.; asimismo, unha Educación de Adultos que teña como ámbitos de actuación espazos e contextos de diferente natureza: centros educativos e culturais, servizos sociais, medios de comunicación social, laboratorios, bibliotecas, empresas, etc.; é, coa mesma amplitude de miras, distintos educadores, formadores ou profesores.

-da transición indispensable da reflexión á acción: das ideas ós feitos. Trátase de promover unha Educación de Adultos que sexa consecuente co sentido dialéctico, ou cando menos complementario, que está presente nos seus compoñentes "teóricos" e "prácticos", así como nas relacións que ámbolos dous niveis manteñen entre sí.

-do protagonismo, entendido como un dereito básico, dos suxeitos que se educan. A participación dos adultos nos procesos formativos debe implicar educarse en común, concedendo a cada persoa a oportunidade de protagonizar ata onde sexa posible a súa actividade educativa; lembrando a Freire, aspirase a que ninguén eduque a ninguén, que ninguén se eduque a si mesmo, xa que os homes edúcanse en comunión mediatizados polo mundo.

-das potencialidades dunha metodoloxía que permita, nas comunidades locais, a coordinación e optimización dos recursos. A Educación de Adultos formula un importante desafío ó aproveitamento dos recursos e potencialidades infraestructurais, institucionais ou doutra índole existentes na comunidade e no seu contorno. En relación ós mesmos deben aproveitarse as oportunidades que ditos recursos ofrezan para o desenvolvemento educativo e comunitario, integrando os seus aportes en redes de equipamentos e servizos nos que adquiran pleno significado os diferentes planos, proxectos e programas que se realicen.

-da vontade de cambio. Como expresa Hernández (1990), a pesar das diferencias de concepción existentes, a Educación de Adultos preséntase como un factor de cambio e desenvolvemento dos individuos e os países: un

instrumento de aceleración dos procesos sociais tendentes a conseguir a reforma, o cambio ou a transformación dunha sociedade. O cambio preséntase aquí non como palabra máxica ou mítica, non por derribo ou abandono dunha determinada formación social, senón como un proceso planificado, con finalidades, obxectivos e metas definidas. Consecuentemente, o problema non será o cambio senón a dirección ou orientación do mesmo.

Tomando en consideración estes aspectos, faise evidente que a Educación de Adultos impactará no Desenvolvemento Comunitario na medida en que os seus obxectivos de acción non sexan exclusivamente educativos; tamén no grao en que non estean sometidos a plantexamentos estritamente formais ou político-administrativos, aínda que estes poidan te-lo alcance que confire a lexislación ou unha normativa pública; caso da Lei Xeral de Ordenación do Sistema Educativo (LOXSE) ou das Leis de Educación de Adultos das diferentes Comunidades Autónomas.

No fondo, a credibilidade da Educación de Adultos, dos seus logros, amplíase cando existe mentalidade sobre a súa transcendencia e valor para as persoas ("todas" elas e non un sector residual ou marxinal identificado censalmente); cando se ten a crenza -non só a urxencia comparativa- de que debe normalizarse (lexislar, dotar de recursos, ter proxectos...) para contribuír tanto á normalización da Educación de Adultos, como á normalización da sociedade. A cuestión radica, como expresan Follari e outros autores (1984), en que a Educación de Adultos amplíase nas sociedades abertas, democráticas, progresistas; diminúe ou non se distingue (como non sexa pola vía do adoctrinamento) nas sociedades autoritarias e conservadoras. De feito, os exemplos quedan reflectidos nas intervencións dos distintos ponentes que interviron ata o momento neste Congreso (Canadá, Francia, Suecia, Bélxica, etc.).

Para concluír, na medida en que o antedito inscribese no desafío que suscitan múltiples interrogantes para unha Educación de Adultos consecuente cos procesos de desenvolvemento comunitario, optamos por formular unha serie de cuestións abertas, con visión máis rupturista que conciliadora no marco de que Falunde, no seu libro falado con Freire (1986) denominaba "*Cara a unha Pedagogía da pregunta*". Son todas elas cuestións que non esgotan a paixase da Educación de Adultos en relación co Desenvolvemento Comunitario, pero que sen lugar a dúbidas representan accidentes da súa xeografía, itinerarios a percorrer:

- ¿Unha Educación de Adultos inscrita na Política Educativa ou na Política Social?
- ¿Unha Educación de Adultos inscrita nunha iniciativa centralizada (Administracións Central ou Autónoma) ou plemente descentralizada (concellos, iniciativas cidadáns, etc.)?
- ¿Unha Educación de Adultos na que predominan os corazóns ou as cabezas dos suxeitos que se educan?. ¿Educación ou Instrucción?

- ¿Unha Educación de Adultos orientada ós contidos ou ós métodos
- ¿Aprender para saber ou aprender para aprender?
- ¿Unha Educación de Adultos de imitación ou para a creación?
- ¿Adaptación doutros niveis educativos ou con identidade propia?
- ¿Unha Educación de Adultos para compensar ou para promocionarse?
- ¿Para recuperar-lo tempo perdido ou para anticiparse ó futuro?
- ¿Unha Educación de Adultos de ubicación unixeracional ou interxeracional?
- ¿Unha Educación de Adultos na que participan profesores ou educadores?
- ¿Unha Educación de Adultos que se localiza nos centros escolares ou no territorio?
- ¿Unha Educación de Adultos para quedarse na comunidade ou para irse dela?

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

FEDERIGHI, P. e Outros (1992): *La Organización Local de la Educación de Adultos*, Edt. Popular / OEI / Quinto Centenario, Madrid.

FOLLARI, R. e Outros (1984): *Trabajo en comunidad: análisis y perspectivas*. Edt. Universidad Autónoma de Sinaloa, Mexico.

GARCÍA, A. e GONZÁLEZ, A. (1992): *"Aproximación al fenómeno del desarrollo local"*. *Revista Inter-Universitaria de Pedagogía Social*, nº 7, ps. 39-49.

HERNÁNDEZ, J. (1990): *"La Educación de Adultos como organización para el desarrollo social"*. *EntreLineas*, nº 5, ps. 57-74.

JABONERO, M. (1990): *"La Educación de Adultos como organización para el desarrollo social"*. *EntreLineas*, nº 5, ps. 85-96.

KADE, J. (1991): *"Universalización e individualización de la formación de adultos sobre el cambio ocurrido en un campo de actividad pedagógica en el contexto de la modernización de la sociedad"*. *Revista de Educación*, nº294, ps. 27-48.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CIENCIA (1986): *Educación de Adultos. Libro Blanco*. MEC, Madrid.

O DESENVOLVEMENTO DA EDUCACIÓN DE ADULTOS EN CATALUÑA: PERSPECTIVA SOCIAL E LABORAL.

Ángela Miquel i Anglarill

Directora general de Formació d'adults. Catalunya

EVOLUCIÓN HISTÓRICA

O goberno da Generalitat de Catalunya ten competencia plena en materia de educación. A formación das persoas adultas foi traspasada do Ministerio de Educación y Ciencia á Generalitat de Catalunya o día 1 de xaneiro de 1981 e adscrita ó Departament d'Ensenyament xunto cos demais programas e servicios de educación. O primeiro ano estivo adscrita ó Coseller d'Ensenyament e despois pasou á Dirección Xeral de Educación Xeral Básica como sección e, máis adiante, como servicio. Coa remodelación da Consellería pasou a ser un programa dependente da Direcció General d'Ordenació i Innovació educativa.

No 1988, coa terceira lexislatura, o goberno de Catalunya crea o Departament de Benestar Social e a Direcció General d'Afers socials asume a formación das persoas adultas. Esta decisión do goberno da Generalitat indicou a vontade política de

- poñer especial atención na plena realización da persoa a través da formación integral.

- conseguir que a formación de adultos perdese o seu carácter marxinal.

- intentar que a formación de adultos chegase a ser parte fundamental da formación permanente dirixida a tódalas persoas sen excepción, coa finalidade de cubri-los ámbitos da formación instrumental e mais da formación básica, a formación para o mundo laboral e a formación para o tempo de vagar e a cultura.

Segundo palabras do Presidente da Generalitat, pronunciadas na clausura do I Congreso Internacional de Formación de Adultos no mes de maio de 1989:

"Creo sinceramente que cómpre subliña-lo concepto de realización persoal a través da formación permanente. Penso que este concepto de realización persoal, de plenitude persoal, de autoesixencia persoal é moi importante... paréceme que todos estaremos de acordo que soamente na medida en que logremos dar valor ás persoas concretas, hemos ser quen de construír unha sociedade que sexa realmente de progreso, de progreso auténtico, de progreso humano".

O cambio de Consellería representou moito máis ca un feito puramente administrativo. A implantación progresiva dun modelo de formación de adultos na liña de países europeos da nosa contorna esixiu a realización dun conxunto de actuacións que permitiron avanzar cara a unha formación de calidade para as persoas adultas.

CREACIÓN DE INFRAESTRUCTURA

En primeiro lugar creouse a Subdirección Xeral de Formación de Adultos, con dous servizos por modalidades e unhas seccións territoriais de coordinación coa finalidade de acada-la infraestrutura axeitada.

Creouse, así mesmo, o Centro de Recursos para a formación de adultos **El Mil.lenari**, co fin de ofrecer ós formadores un espazo para o intercambio e o coñecemento das experiencias propias e alleas así como para o seu propio perfeccionamento profesional e para potencia-la innovación, a actualización pedagóxica e maila investigación nesta materia.

A edición da revista **Suport a la formació d'adults** é outra realidade.

É intención do Goberno manter un órgano de participación no que tódolas forzas sociais poidan expoñe-los seus puntos de vista. Para isto creouse o **Consell Assessor de formació d'adults**, do que forman parte sete Consellerías da Generalitat, os presidentes dos Consellos Sociais das Universidades de Cataluña, a Federación e maila Asociación de Municipios de Cataluña, entidades non gubernamentais, os sindicatos Comisións Obreiras e U.G.T., representantes de patronais e expertos de recoñecido prestixio no tema da formación de adultos a título persoal. Este consello asesora ó Goberno da Generalitat en tódolos temas relacionados coa política en materia de formación de adultos.

Organízanse grupos de traballo no seo do Consello Asesor e un deles foi dedicado a elabora-lo anteproxecto de Lei de Formación de Adultos.

Para desenvolver e deseña-la política que orientase as actuacións neste ámbito, cumpría detecta-las necesidades de formación das persoas adultas do noso país, as súas aspiracións e tamén os recursos dos que se dispuña. Por isto unha das primeiras actuacións foi a elaboración do **Mapa da formación de adultos en Cataluña**.

O Mapa ofrece, por unha banda, os datos sobre o nivel de instrución da poboación adulta de Cataluña, os centros e aulas, públicos e privados, de formación de adultos, a oferta de actividades de formación de adultos e mailo número de persoas que se benefician de todo isto e, por outra banda, os resultados máis salientables do estudo sociolóxico sobre aspectos culturais, sociais e económicos dunha mostra representativa. Os datos que se presentan corresponden ó ano 1989.

O contido de Mapa é o seguinte:

1.- En primeiro lugar preséntanse os datos do nivel de instrución da poboación de 15 anos en diante, clasificados segundo grupos de idade e de sexo e presentados en cifras absolutas e porcentuais. Escolleuse como fonte de información o censo municipal de habitantes do ano 1986 porque constituía o conxunto de datos oficiais máis recente do que se dispuña e porque se precisaba dunha fonte estatística que non estivese fundamentada nunha mostra senón que reflectise o nivel de instrución do conxunto da poboación.

Os censos municipais clasifican ós habitantes consonte ó nivel de instrución en oito categorías, pero cómpre clarificar que non se poden identificar de maneira absoluta estas categorías estatísticas co grao de competencia e capacidade das persoas. Por isto non sería correcto toma-la cifra dos que non teñen graduado escolar como indicadora de grao de analfabetismo funcional. Debemos ter en conta que moitas das persoas que se declaran analfabetas ou sen o nivel de estudos básico obrigatorio, posúen, a miúdo, unha cultura e unhas habilidades importantes.

Finalmente debemos ter presente que existen circunstancias que poden afecta-la fiabilidade destas cifras, principalmente no que toca ós niveis máis baixos de estudos. Cómpre ter presente que esta información obtense mediante a autoclasificación das persoas, xa que son os propios censados os que manifestan o seu nivel de instrución. Moita xente ten tendencia a contestar que posúe un determinado nivel de estudos aínda que non o teña completado, e moitos analfabetos non declaran que o son por pudor ou vergoña.

2.- En segundo lugar preséntanse os datos da oferta pública e privada de actividades de formación de adultos e dos seus participantes:

-Centro e aulas de formación de adultos da Generalitat de Catalunya, de entidades locais e privadas.

-Alumnos de formación de adultos dos centros e aulas da Generalitat, de entidades locais e privadas.

-Alumnos dos centros e aulas de formación de adultos de entidades locais e privadas distribuídos por niveis, idade e sexo.

3.- Ofrécense, finalmente, os datos máis salientables sobre o coñecemento e uso da lingua catalana, o grao de satisfacción sobre a propia formación e o interese en melloralala, o uso do tempo de vagar e outros datos sociolóxicos significativos, obtidos a partir dun estudio realizado sobre unha mostra representativa.

O criterio que se seguiu para a organización e clasificación dos datos é o seguinte:

1.- En primeiro lugar preséntase un capítulo dedicado ó conxunto de Cataluña cos datos do nivel de instrución dos habitantes desde os 15 anos de idade en diante, distribuídos por grupos de idade e tamén por sexo, e mailos datos da oferta pública e privada de actividades de formación de adultos de ensinanzas formais e dos seus participantes distribuídos por bisbarras. Ofrecense tamén os grupos e alumnos das ensinanzas non formais.

2.- A seguir vén un capítulo dedicado a cada bisbarra coa información do nivel de instrución da poboación maior de 15 anos do conxunto da comarca, da súa capital e das cidades de máis de 35.000 habitantes de 15 anos en diante.

Os resultados máis salientables do informe son os seguintes:


1.- Lugar de nacemento

-Prácticamente as dúas terceiras partes da mostra de poboación analizada son persoas nadas en Cataluña. Destaca, a seguir, un 12% dos residentes cataláns de orixe andaluza.

-Case tódolos nados en Cataluña entenden e falan a lingua catalana (99% e 95%, respectivamente).

-No que toca ós andaluces residentes en Cataluña, vemos que un 90% entende o catalán, un 37% fálaos, aínda que só o escribe o 9%

Gráfico 1



2.- Actividade laboral

-Pouco máis da terceira parte da poboación entrevistada realiza na actualidade algún tipo de traballo remunerado. O 64% restante está, na actualidade, inactivo. Trátase, basicamente, de amas de casa, xubilados e estudantes.

-Tomando como base de referencia os individuos activos, o 77% traballa por conta allea e o 23% faino pola súa conta.


-A actividade por conta de terceiros medra en importancia de camiño que subimos pola pirámide de idade, e tamén na das poboacións máis reducidas.

-Se centramo-la atención nos traballadores por conta de terceiros, observamos que os sectores laborais máis solicitados son, por orde de importancia, o comercio, a industria e mailo transporte.

-No que toca ós asalariados, practicamente a metade son traballadores especializados, un 18% administrativos e en proporcións semellantes sitúanse os cadros medios e mailos traballadores non especializados (15% e 14%, respectivamente).

-A satisfacción no traballo é moi alta: un 74% da poboación activa consultada móstrase satisfeita co seu traballo.

Gráfico 2.- Actividade laboral




INACTIVOS	ESTUDIANTES	ACTIVOS
AMAS DE CASA	AUSENTES	POLA SÚA CONTA
INCAPACIDADE LABORAL	XUBILADOS	POR CONTA ALLEA
OUTRAS		

3.- Interese en mellora-la actual formación profesional

-As persoas obxecto de estudio que traballan na actualidade, mostran un interese alto (32,5%), ou moi alto (45,5%) en mellora-la súa formación profesional no mesmo sector no que están ocupadas.

Gráfico 3.- Interese por mellora-la actual formación profesional




4.- Coñecemento e uso do catalán . Un 95% entende o catalán.

-O 34% das persoas consultadas manifestan que saben escribir ben o catalán. Significativamente salienta o grupo de persoas comprendido entre os 15 e os 24 anos como os que mellor dominan a lingua escrita. As persoas de 35 a 64 anos son as que menos saben escribi-la lingua catalana.

Un 86,3% das persoas falan habitualmente en catalán.

Gráfico 4.- Coñecemento e uso do catalán




5.- Interese en mellora-los coñecementos de catalán

-Ó 74% dos consultados gustaríalles mellora-lo seu nivel de coñecemento da lingua catalana.

- As persoas entre 25 e 44 anos son as que máis desexan mellora-los seus coñecementos da lingua catalana, e son as persoas que non entenden o catalán as menos dispostas a melloralo.

Gráfico 5




6.- Interese en mellora-la formación e o nivel cultural

-A porcentaxe dos entrevistados que desexan mellora-lo seu nivel de formación é moi alto e significativo: o 80,7%.

-O grupo que manifesta a mellor disposición é o das persoas que teñen entre 15 e 24 anos. O 96,5% das persoas que teñen esa idade desexan mellora-lo seu nivel e maila súa formación.

-Non existen diferencias significativas segundo o sexo dos entrevistados no que toca ó interese en mellora-la propia formación.

Gráfico 6.- Interese en mellora-la formación e o nivel cultural




7.- Realización de actividades sociais

-Soamente o 14,3% dos consultados manifesta que realiza actualmente algunha actividade de tipo social. As persoas máis novas son as que máis realizan este tipo de actividades.

-As actividades sociais que contan con máis participantes son: centros excursionistas, centros recreativos, centros xuvenís, asociacións de pais e actividades escolares.

-A terceira parte das persoas que non realiza ningunha actividade social manifesta o seu desexo de realizala. Os ámbitos elexidos para a súa actividade, serían: infancia e mocidade, defensa da natureza, atención á terceira idade e sanidade.

Gráfico 7.- Realización de actividades sociais



8.- Número de persoas ó seu cargo

-Unha información significativa é a de que un 64,1% dos consultados non ten ningunha persoa ó seu cargo. Un 10,6% teñen unha, un 9,9% teñen dúas, un 9,7% teñen tres e un 5,7% teñen catro ou máis.

PRIMEIRA OFERTA DE FORMACIÓN A DISTANCIA

Os datos do mapa e mailo estudio sobre o analfabetismo funcional en Cataluña orientaron a nosa política en dúas vertentes. Por unha banda incrementouse nun 34% o cadro de persoal nos centros de formación de adultos e, por outra, preparouse xa unha oferta de **graduado escolar a distancia** para podermos chegar a tódalas persoas que, ben por se encontrar en zonas rurais afastadas dos centros de formación, ben por non dispor de tempo para asistir á clase ou por razóns de tipo psicolóxico, necesitaban unha oferta formativa a domicilio.

Así naceu o programa **Graduï 's. Ara pot!**, que foi o primeiro programa que se ofreceu nesta modalidade en todo o territorio español e un dos primeiros de Europa. O programa consta de tres elementos:

150 programas de televisión de media hora que se emiten polos canais da TV autonómica. Na actualidade están editados en vídeo.

18 cadernos de exercicios, tres por cada unha das cinco áreas, e tres cadernos complementarios máis.

1 teléfono gratuito de consulta no que, desde as nove da mañá ata as nove da noite, un equipo de especialistas en cada unha das materias atende de balde as consultas que fan aqueles que seguen o programa.

Os contidos do programa estrutúranse arredor de cinco áreas: lingua catalana, lingua castelá, lingua francesa, matemáticas e ciencias da natureza e ciencias sociais.

O programa **Graduï 's Ara pot!** presentouse no mes de maio do 1990. Segundo as sondaxes de audiencia, ó pé de noventa mil persoas seguen o programa pola televisión e lévanse mercados máis de setenta mil cadernos de exercicios.

Para facilita-lo resultado ós que precisan do título fanse convocatorias de exames por libre cada trimestre.

O programa de formación a distancia **Graduï 's. Ara pot!** incrementou a súa oferta formativa coa incorporación de cinco novas unidades didácticas de ciencias sociais dedicadas á historia de Cataluña e mais á actualización do mapa de Europa por causa dos conflitos e transformacións sufridas polas distintas nacións europeas nos últimos anos.

Por outra banda, os nosos programas formativos estanse aplicando en centros penitenciarios, cuarteis, persoal de grandes empresas, co que, non soamente se cobren as necesidades de zonas con poboación espallada, senón tamén as do persoal que, por unha ou outra razón está concentrado en centros distintos nos que se pon en evidencia o seu déficit formativo.

LEI DE FORMACIÓN DE ADULTOS DE CATALUÑA

A lei de Formación de Adultos de Cataluña, aprobada en marzo do 1991 polo Parlament de Cataluña, sen ningún voto en contra, foi posible gracias ó traballo previo que se fixo desde o Consell Assessor. A Lei contempla a formación en tres ámbitos: o da formación instrumental e a formación básica, a formación para o mundo laboral e maila formación para o tempo de lecer e a cultura. A Lei volve defini-lo **Consello Asesor de Formación de Adultos**, establece un **sistema de convenios con entidades locais** para coordinar planos de formación e crea unha **comisión interdepartamental de formación de adultos** co obxectivo de promover e coordina-las actividades relativas a esta materia. A partir da Lei elaborouse o **Plano de Formación das Persoas Adultas** que marca os grandes obxectivos a acadar nos anos vindeiros por parte de todos, desde as administracións públicas e as entidades non gobernamentais ás empresas e á sociedade civil.

Se queremos avanzar na mellora da formación das persoas adultas, non só desde o punto de vista cuantitativo senón, sobre todo, cualitativo, debemos contempla-la formación dos formadores. Con este fin asináronse convenios coas universidades de Barcelona e Autónoma de Barcelona para a realización de cursos de postgrao e másters específicos.

Como instrumentos para coloca-los alicerces de novas ideas e novos conceptos, como unha plataforma do diálogo específico sobre a materia e como fonte de inspiración e foros de intercambio, celebráronse o primeiro e mailo segundo congresos internacionais de formación de adultos en Cataluña. O primeiro baixo o lema **A formación de adultos, forxadora de benestar social** (18/19 de maio do 1989) enfocaba a temática da formación e mailo perfeccionamento profesional dos adultos baixo os aspectos do desenvolvemento estrutural urbano e comarcal, como eixe do desenvolvemento comunitario, do desenvolvemento social na comunidade europea, da marxinação social e da dimensión social da formación de adultos nunha sociedade do ocio. O segundo congreso (24/25 de outubro do 1991), marcou tres eixes ben determinados xa na Lei de formación de adultos e que teñen relevancia para o modelo de formación de adultos de Cataluña: o marco e mailo deseño curricular; o formador de adultos: perfil, formación e perfeccionamento e a televisión como instrumento para a formación de adultos. Ámbolos dous congresos aportaron unha grande riqueza de información que se transformou tanto en coñecemento e fonte de inspiración como en pulo para futuras actuacións. Un alto número de asistentes (máis de 450) beneficiouse das ideas, as experiencias e mailas indicacións que se intercambiaron no decurso dos congresos.

A FORMACIÓN DE ADULTOS EN CATALUÑA NO MOMENTO ACTUAL

O ano 1993 resultou ser moi importante para a formación de adultos en Cataluña porque cadraron nel diversas actuacións levadas a cabo neste eido.

En agosto, coa reestructuración do Departament de Benestar Social, creouse a **Direcció General de Formació d'adults**, feito que demostra a importancia crecente que o Goberno de Cataluña concede á formación das persoas adultas.

O día 8 de setembro, co gallo do Día Internacional da Alfabetización e en cumprimento dun dos primeiros obxectivos da Lei de Formación de Adultos, presentamo-lo **Programa de Alfabetización**, que vai dirixido especialmente a tódolas persoas maiores de 50 anos, facendo énfase nos rapaces entre 15 e 24 anos que non teñen estes coñecementos básicos.

Para levalo adiante elaboráronse uns **materiais didácticos específicos** agrupados en seis centros de interese baseados na vida cotiá e pensados exclusivamente para persoas adultas, que van desde como procurar traballo

ata coñece-lo propio barrio, os grandes almacéns, o metro, o tren, os oficios, a terra, a auga, os arredores, etc. Estes materiais didácticos responden ós tres primeiros niveis de formación e permiten a formación personalizada. Andamos a traballar para avanzar no cumprimento dunha das últimas recomendacións do Consello de Europa que insiste na formación personalizada. Para isto estase procedendo á creación de **centros de autoformación** situados tanto nas grandes cidades como nas capitais de comarca, co fin de que cada persoa poida atopalo espazo no que poida melloralo seu nivel de formación dunha maneira axeitada ás súas necesidades e aspiracións.

No mes de setembro fíxose a presentación oficial do **Programa interdepartamental de formación d'adults**, aprobado polo Goberno e que contén setenta e sete actuacións agrupadas en oito ámbitos. É un importante instrumento de concreción, promoción e coordinación da oferta formativa de nove departamentos da Generalitat.

No mes de novembro celebrouse en Barcelona un seminario internacional sobre **Políticas e medidas legislativas para a formación de adultos**, organizado polo Departament de Benestar Social da Generalitat de Catalunya, coa colaboración da UNESCO e maila Asociación Europea de Formación de Adultos, no que contamos coa participación de expertos de vinte e cinco países dos cinco continentes, que aportaron experiencias moi interesantes en lexislación e xeitos de enfoque da formación de adultos baixo unha ampla variedade de perspectivas: desde as máis avanzadas nos países occidentais ós primeiros intentos que, neste eido, están a se levar a cabo en zonas de África e Asia.

El Curriculum de la Formación d'adults é un instrumento importante para os profesores que dispoñen, así, dun marco curricular no que basea-los seus programas. En definitiva, o que pretendemos é facer unha política de formación de adultos de tal xeito que cada cidadán do noso país atope unha resposta ás súas inquedanzas persoais e, en definitiva, poida realizarse como persoa.

BIBLIOGRAFÍA

Primer congrés internacional de formació d'adults de Catalunya - GENERALITAT DE CATALUNYA - DEPARTAMENT DE BENESTAR SOCIAL - DIRECCIO GENERAL D'AFFERS SOCIALS. Outubro 1989

Mapa de la Formació d'adults a Catalunya - GENERALITAT DE CATALUNYA - DEPARTAMENT DE BENESTAR SOCIAL - DIRECCIO GENERAL D'AFFERS SOCIALS.- col.lecció Formació D'Adults/I - Marzo 1992

Revista Suport a la Formació D'Adults - GENERALITAT DE CATALUNYA - DEPARTAMENT DE BENESTAR SOCIAL - DIRECCIO GENERAL D'AFFERS SOCIALS. Nº1, Xaneiro 1990 - nº 2, Maio 1990 - nº 3, Outubro 1991 - nº 4, Setembro 1992.

La Formació D'Adults a la Catalunya comunitària - GENERALITAT DE CATALUNYA - DEPARTAMENT DE BENESTAR SOCIAL - Col.lecció Debats per el Benestar Social. Abril 1991.

2n Congrés Internacional de Formació D'Adults de Catalunya - GENERALITAT DE CATALUNYA - DEPARTAMENT DE BENESTAR SOCIAL. Abril 1993.

Estudi sobre l'analfatisme funcional a Catalunya - GENERALITAT DE CATALUNYA - DEPARTAMENT DE BENESTAR SOCIAL. Xunho 1993.

El curriculum de la formació bàsica D'Adults - GENERALITAT DE CATALUNYA - DEPARTAMENT DE BENESTAR SOCIAL - Col.lecció Formació D'Adults/II. Xullo 1993.

DESENVOLVEMENTO DA EDUCACIÓN DE ADULTOS: PERSPECTIVA SOCIAL E LABORAL"

Antonio Peleteiro Fernández

Director Xeral de Formación Profesional de Galicia.

Agradezo ós organizadores deste evento a invitación para participar neste acto do que desexo destacar, como mínimo, a oportunidade da convocatoria polas seguintes razóns:

A) Por estar en fase de desenvolvemento a lei 9/1992, do 24 de Xullo, de educación e promoción de adultos.

B) Por encontrarnos no inicio da implantación dun novo sistema educativo que contempla de forma explícita a formación dos adultos.

C) Como novidade de situacións anteriores, o novo marco legal propicia a Formación Profesional para adultos polos rexímenes ordinarios e, ademais pola variante da Educación a distancia.

A necesidade de potencia-la formación de adultos pónse de manifesto ó observa-la distribución da pirámide de poboación de Galicia.



Por outra parte o nivel de instrucción en España, da poboación maior de 15 anos (case 31.000.000 de persoas sobre un total de 38.000.000 do censo de 1991), que se distribue da seguinte forma:

1.- Analfabetos	3,52%	1.091.200
2.- Sen estudos	21,44%	6.646.400
3.- 1º Grao (1º a 5º de EXB, Ed. Espec.)	31,32%	9.709.200
4.- Graduado escolar	19,71%	6.110.100
5.- FP1, FP2, BUP, EQ.	16,40%	5.084.000
6.- Titulación media Universitaria	3,47%	1.075.700
7.- Titulados Superior	4,03%	1.249.300

(Segundo datos do Ministerio de Educación e Ciencia)

Dentro desta panorámica xeral, cabe destacar algúns colectivos que requiren tratamentos especiais, tales como:

- Xoves e adultos con necesidades especiais, (cegos, xordos, etc).
- A reinserción social de adultos recluídos en centros penitenciarios.
- Minorías como a Comunidade Xitana, inmigrantes dunha determinada etnia (Bosnios...Ect.).

Para atender esta situación, que mellora de ano en ano, ata agora cóntase en Galicia con CEGBAD e o INGABAD.

Case que descoñecida para a maioría da cidadanía, na oferta de Formación Profesional cóntase coas:

- Probas de Ensinanza non escolarizadas que se celebran dúas veces ó ano para acadalo título de Técnico Auxiliar (FP1).
- A ensinanza libre para os estudos de FP2.

Así pois, tendo en conta que a Constitución Española garante o dereito de tódolos españois á educación e encomenda ós poderes públicos que promoven as condicións para que este dereito sea disfrutado por todos en plenas condicións de liberdade e igualdade, é preciso dedicarse a esta tarefa.

Como vostedes coñecen, no Preámbulo da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, se afirma que a extensión da educación básica á totalidade da poboación, e as maiores posibilidades de acceso ós demais niveis educativos, unidas ó crecemento das esixencias formativas do entorno, social e productivo, avivaron a lexítima aspiración dos españois a obter unha mellor e máis prolongada educación. Ademais, esta Lei concibe a educación das persoas adultas dende unha perspectiva dinámica: todo cidadán debe ter a posibilidade de insertarse nun proceso de formación que lle permita adaptarse ós novos requerimentos dunha sociedade en evolución constante que modifica, sen cesar, os umbrais básicos de coñecemento e aptitudes.

Neste contexto cobra especial relevancia a Educación a Distancia. A eficacia demostrada pola Educación a Distancia, así como a flexibilidade da

mesma para atender a importantes colectivos da poboación, dispersos xeograficamente e con intereses formativos moi heteroxéneos, esixe aportar decididamente por esta modalidade e recoñecer a súa importante posición instrumental no desenvolvemento da educación das persoas adultas.

Asimesmo, a educación a distancia pode servir para garanti-lo dereito á educación dos alumnos non adultos que, por circunstancias persoais, sociais, xeográficas ou outras de carácter excepcional, se ven imposibilitados de seguir ensinanzas a través do réxime presencial ordinario.

E así ó examinar con calma a Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo no seu artigo 51.5 manifesta que a oferta á poboación adulta deberá instrumentarse a través da enseñanza presencial e, polas súas adecuadas características, da Educación a Distancia, así como o artigo 3.6, que establece que, para garanti-lo dereito á educación de quen non poida asistir de modo regular a un centro docente, se desenvolverá unha oferta adecuada de Educación a Distancia.

Para lograr este obxectivo son necesarias estruturas de educación e formación variadas, abertas e flexibles que posibiliten supera-la situación da actual oferta pública non universitaria de educación a distancia, limitada, ata agora, a E.X.B., B.Ú.P. e C.O.Ú.. Estas estruturas deben elaborar respostas educativas acordes coas necesidades da poboación adulta, adaptándose ás súas circunstancias persoais, laborais, sociais, e educativas.

A nova educación a distancia deberá ofrecer, ademais das ensinanzas de carácter inicial que viñeron impartíndose perante os últimos anos, as ensinanzas comprendidas na nova ordenación do sistema educativo e, con especial apremio e alcance, aquelas que se corresponden coas demandas de formación que con carácter masivo require a poboación adulta española para a súa promoción persoal, cultural, social e laboral: a Educación Secundaria Obrigatoria, a Formación Profesional e a Ensinanza Oficial de Idiomas.

Ademais, dende unha perspectiva internacional, as experiencias dos modelos desenvolvidos en diferentes países do noso entorno demostraron como a educación a distancia é un poderoso instrumento para dar respostas educativas a necesidades diversas e a amplos sectores da poboación, e así o Tratado da Unión Europea establece no seu artigo 126 como política prioritaria en materia de Educación e Formación para os países da Comunidade Europea fomenta-lo desenvolvemento da Educación a Distancia.

Por todo o anterior, a creación dun Centro para a Innovación e Crecemento da educación a distancia non universitaria era unha necesidade de primeira orde. A creación deste órgano polo Real Decreto 1180/1992, de 2 de outubro; (B.O.E. do 20), posibilitará o desenvolvemento e concreción de cantas medidas técnicas sexan precisas para conquistar unha nova e diversificada educación de adultos a distancia.

Por outra banda, co fin de deseolve-lo mandato que a LOXSE establece no artigo 23.3, polo que se crean os Programas de Garantía Social, dirixidos a

xoves maiores de 16 anos e menores de 21 que carecen da formación básica e profesional necesaria para a súa inserción laboral ou, chegado o caso, para continuar estudos regrados.

Por este camiño preténdese ofrecer ós xoves que estean nesta situación a oportunidade de prepararse para un oficio ou unha profesión de nivel 1 e de conquistar ou afianza-los elementos básicos de formación xeral necesarios para a súa incorporación á vida activa, así como para poder acceder, polo menos, ós ciclos formativos de Formación Profesional de grao medio, a través dunha proba de acceso.

Téñese a intención de desenvolver diversas modalidades de Programas de Garantía Social, adaptándoas ás características de distintos colectivos destinatarios: algunhas delas ofertaranse dende os propios centros educativos; outras en colaboración coas Administracións locais ou outras Institucións.

Neste momento estanse a experimentar dúas modalidades de Garantía Social:

- Iniciación profesional, dirixida a alumnos con dificultades de aprendizaxe ou desescolarizados que desexan reiniciar este camiño. Este programa está sendo atendido por profesores técnicos de Formación Profesional e mestres de E.X.B.

- Garantía formativa, nunha modalidade de emprego-formación dirixida a xoves desescolarizados que desexan incorporarse ó mundo do traballo. Esta variante estase a desenvolver mediante convenios con Concellos, mediante os que os alumnos, ó tempo que desempeñan un posto de traballo en contrato de formación, a media xornada, adquiren unha cualificación básica e unha formación tecnolóxica relacionada co oficio que xustifica o contrato.

O dito no parágrafo anterior forma parte dos proxectos do Programa Nacional de Formación Profesional do que interesa salienta-lo obxectivo histórico de desenvolve-la formación profesional: articulando os dous grandes subsistemas deste nivel educativo:

A formación Profesional Regrada (F.P.R.) e a Formación Profesional Ocupacional (F.P.O.), xestionadas ata agora e respectivamente, polas Administracións Educativas e Laborais, a fin de aproveitar ó máximo os recursos dispoñibles, evitar solapamentos na oferta de formación e na concorrencia dos demandantes de cualificación, e facilita-lo establecemento dun sistema de correspondencias e convalidacións entre a F.P.R. e a F.P.O.

Este último obxectivo é unha das tarefas ás que dedicamos dende a Dirección Xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación e O.U. para mellora-las perspectivas da Educación de Adultos..